

A AURA DOS LOITADORES

A batalla que libramos diariamente contra o tempo induce en nós a falsa ilusión da victoria e pechamos os ollos ante unha fragilidade que nos fai conscientes do inexorable gume da morte. Enleamos nunha capa de eufemismos e alusións asépticas esa cruel realidade convencidos de que a súa non mención implicará tamén a súa inexistencia -"esquecer que a vida/ esbara a contraodio polo gume da morte o seu coitelo/ do que día tras día todos nos esforzamos por salvar"- e afianzámonos nas nosas propias mentiras pois son a nosa única forma de conxurar un perigo en constante axexo. Mais, en *Poesía última de amor e enfermidade*¹, Lois Pereiro obríganos a asumir o inevitable, mirar de fronte o próximo final e asumilo como unha faceta máis da vida. Desde unha lucidez extrema, o eu poético fainos partícipes da súa confrontación final: "*sustituíndo o desexo polo exilio/ inicie a viaxe sen retorno/ deixándome levar sen resistencia/ ó fondo dunha interna/ aniquilación chea de nostalxia*".

A asunción resignada da morte non implica o fracaso do eu perante ela senón unha sorte de coñecemento profundo da súa realidade máis escura que induce nel a consciencia de acceder á verdade suprema. Coa "*cabeza no centro do mundo*" é posible deslindar, entre as mentiras que urdimos, o camiño correcto e ir construíndo cos últimos soños un legado para ofrecer a todos aqueles que amamos. Estratexias contra o olvido vanse deseñando nos versos de Lois Pereiro da man do amor, pois

*Na viaxe nocturna que emprendemos
polo interior dun corpo diferente
un acto de amor é un fluído urxente
de suor bágoas e esperma
contra o medo*

Nesa transmigración que conleva a comunión íntima con outros seres desde a vivencia do amor máis profundo, o eu sae reforzado contra un tempo que se esvae. Pero o prezo a pagar por cada acto de rebeldía é alto -"*Desprezando o meu corpo en conta atrás,/ ábrome e derramo a miña vida/ nese amor feroz, calado, sen destino*"- e avalíase en contas de hematíes, hormonas, substancias indispensables para o corpo. O devalo entre sombras e luz -"*Unha estación no inferno, outra no ceo*"- conforma unha loita desgarradora na que o eu vai perdendo forza. Cada vez está máis próximo o ataque final que virá a traición e con aleivosía, como corresponde a un inimigo cruel:

¹ Ed. Positivas, Santiago, 1995

*Virá calada, oculta e con nocturnidade,
chegando desde abaixo a través do colchón,
entre as derivacións intuídas e temidas
dunha vírica rebelión interna*

Pero, mentres, o eu vai lentamente despoxándose desa enerxía indestructible que lle fora confiada no nacemento, recollendo as experiencias existenciais que conformaron a súa intrahistoria e elaborando o seu legado. No devalo do ciclo vital, ofrece aínda un alento solidario e esperanzador para os que ama mentres se enfrenta á morte lucidamente, lonxe de sopores narcóticos, investido coa aura dos loitadores:

*Que a vida non me sorprenda xamais
desprevenido calado e neutral
e que un segundo antes de renderme
vaia tamén comigo a imaxe do que fun cando era outro*

TERESA SEARA

Supl. "Faro das Letras", *Faro de Vigo*, CXIX, 23-3-1996, p. 3